

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Cutrín, Fco. Javier
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tome, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Davila Segade, Ruth
Pazos Currás, Marta M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 24 de xaneiro de 2023, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 24 de xaneiro de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do mércores 21 de decembro de 2022.

Ante a ausencia de observacións formuladas en tempo e forma, o reitor propón que a acta se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Agradece á Deputación de Ourense a medalla de Ouro ao profesor José Paz, a título póstumo.
- Celebración de diversas xuntanzas de Athina, antes de presentar a candidatura, o 30 de xaneiro.
- Xuntanza de ACSUG para actualización dos órganos colexiados.
- Xuntanza co conselleiro de Facenda para negociar terreos de ETEA e masa salarial.
- Xuntanza do Consello reitor sanitario Galicia-Sur.
- Sesión de fin de ano no CIXUG
- Consello reitor de ECOBAS.
- Celebración do Consello Social en Ourense.
- Asinado o novo convenio coa Deputación de Ourense.
- Presentación do portal de investigación da UVigo.
- Consello de Campus de Pontevedra.

- Consello de Campus de Ourense
- Xuntanza co Alcalde de Vigo.
- Obtidos 1.089.970 euros nas axudas do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.
- Convenio con Telespazio.

Remata o informe ás 10:10.

3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para que expoña este punto, que se resume nos seguintes cadros:

TITULACIÓNS DE GRAO. VERIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
Grao en Enxeñaría de Sistemas conectados Intelixentes	NON	Desfavorable por non estar aberto o mapa de titulacións de grao no SUG
Grao en Enxeñaría da Información (Dual)	NON	Desfavorable por non estar aberto o mapa de titulacións de grao no SUG

MODIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
Grao en ADE – Mención Dual	NON	Favorable
Grao en Comercio	NON	Favorable
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	NON	Favorable
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	NON	Favorable

PCEOS:

Titulación	Informe
PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais	Favorable



UNIVERSIDADE
DE VIGO

PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Favorable
PCEO en Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Pública	Favorable

TITULACIÓNS DE MESTRADO. VERIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
MU en Economía Circular	SI (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en Innovación Educativa	SI (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en Realidade Estendida	SI (UCD+USC+UVIGO)	Favorable
MU en E-Government e Transformación Dixital	SI (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en E-health	SI (UVIGO+UDC+USC)	Favorable
MU en Criminoloxía	SI (UDC+UVIGO)	Favorable
MU en Ciencia do Exercicio, Preparación Física e Readaptación Deportiva	SI (UVIGO+UDC)	Favorable
MU en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua	SI (UCD+USC+UVIGO)	Favorable.
MU en Prevención e Tratamento das Drogodependencias e Condutas Adictivas	SI (UVIGO+USC)	Desfavorable. Non hai declaración de interese por parte da USC, nin aprobación por Xunta de Centro
MU en Avogacía e Procuradoría	NON	Favorable
MU en Enfermaría*	NON	Pendente. Aprobación Xunta de Centro

MODIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
MU en Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións	SI (USC+UDC+UVIGO)	Favorable
MU en Lingüística Aplicada	SI (UDC+USC+UVIGO)	Favorable
MU en Tradución Multimedia	NON	Favorable
MU en Enxeñaría de Minas	NON	Favorable



UNIVERSIDADE
DE VIGO

MU en Enxeñaría Informática- Mención Dual	NON	Favorable
MU en Enxeñaría de Telecomunicación	NON	Favorable
MU en Técnicas Estatísticas	SI (USC+UDC+UVIGO)	Favorable
MU en Xestión e Dirección Laboral (*).	SI (USC+UDC+UVIGO)	Non hai declaración de interese en UVIGO e UDC

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO: VERIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
Programa de Doutoramento en Contabilidade	SI (UBU+UAM+UCA+UPO+UVIGO)	Favorable
Programa de Doutoramento en Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas	NON	Desfavorable. Informe aprobado polo Comité de Dirección da EIDO segundo documento adxunto

MODIFICACIÓN:

Titulación	Interuniversitario	Informe
Programa de Doutoramento en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	NON	Favorable
Programa de Doutoramento en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	NON	Favorable

O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións explica algunhas das incidencias en relación coas titulacións que carecen de informe favorable, detallando os motivos e xustificando a actuación da COAP ao respecto.

O reitor subliña o acordo acadado sobre a creación da futura Facultade de Enfermaría, da que foi nomeado decano comisario Rafael Durán Barbosa, na que se incorporarán os títulos correspondentes.

Francisco J. Rodríguez, director da Escola Superior de Enxeñaría Informática, pide información en relación cun título solicitado pola Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Grao en Enxeñaría da Información) que lle resulta parecido ao da Escola Superior de Enxeñaría Informática. Amósase en contra da solicitude deste título, dada a semellanza. O vicerreitor Alfonso Lago indica que se lle irá informando.

Rebeca Díaz pregunta pola posibilidade de novos títulos de enxeñaría que abre un decreto promulgado o ano pasado, que abren un percorrido entre o grao habilitante e o mestrado, como xa se fai noutras escolas de enxeñaría de telecomunicación. Pide información da ACSUG sobre este procedemento no que a súa Escola ten interese. Alfonso Lago contesta que lle transmitirá a información en canto a reciba.

Humberto Michinel pregunta polo Mestrado habilitante de Enxeñaría Aeroespacial. Alfonso Lago contesta que está a ser aínda avaliado pola ACSUG.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación de profesorado axudante doutor.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para que expoña este punto cuxo contido é basicamente igual ao da normativa anterior, agás no seguinte:

No punto 1, polo que se refire á carga docente básica, o punto dirá (engádese o subliñado):

***Carga docente básica dunha Unidade Docente:** é o total da docencia encargada a esa Unidade Docente en titulacións de grao e en titulacións de mestrado que habilitan para profesións, másteres G2030 e másteres do ámbito de ciencias da saúde.*

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo. Convocatoria 2023

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para que expoña este punto e quen indica que os cambios son mínimos respecto da última convocatoria; de feito, xunto coas datas e o número de prazas (15), o principal cambio é que na base cuarta engádese o seguinte: “*En primeiro lugar adxudicaráselles as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que consigan proxecto na convocatoria de axudas para incentivar a consolidación investigadora 2022*”.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2023/24.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña este punto, no que simplemente cambian as datas respecto da convocatoria anterior. Foi informado positivamente, igual que os puntos anteriores, pola mesa de negociación e a COAP.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/24.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto que, xunto coas datas, inclúe os seguintes cambios respecto dos criterios anteriores, e que foi aprobado pola COAP:

- En relación coas horas asignadas en titulacións de grao, engádese o seguinte: *“dita estimación incluírá as horas para a impartición de docencia en inglés correspondentes á prórroga do plan de internacionalización da docencia”*.
- En relación coa elaboración da PDA dos másteres, engádese o seguinte: *“No caso de másteres con carga docente básica3 deberán asignar a docencia ás áreas de coñecemento as que pertence o profesorado que participe na docencia dos mesmos”*
- En relación co Anexo I, sobre recoñecementos, polo que atinxe aos centros, en relación coa captación de alumnado, engádese o seguinte: *“1500 puntos repartidos proporcionalmente ao número de actividades de captación institucionais nas que participaron os centros no curso anterior e foron certificadas pola Vicerreitoría competente”*.

Rebeca Díaz entende que houbo outro cambio, no apartado B parágrafo 4º da páxina dúas do documento achegado. O vicerreitor entende que se trata dun erro na transcripción e que se fará a corrección respecto a que os centros deben ter unha cantidade superior a un estudante propio, para que quede igual que o ano pasado (*“Todas aquelas materias que nos últimos dous anos non tiveran matrícula superior a un estudante propio novo deberán ser substituídas por unha nova oferta”*). Agradece a corrección a Rebeca Díaz quen pregunta se hai cambios respecto dos grupos en inglés. O vicerreitor sinala que non hai cambios (simplemente, o programa Ultreia non se considera dentro do plan de internacionalización).

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do teito de horas destinado a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2023/24.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña este punto, que se resume no seguinte cadro:

Centros	9270
Máster	2800
Doutoramento	1450

Campus Excelencia	480
TOTAL	14000

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, de solicitude de comisión de servizos.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto, indicando que se trata da prórroga da comisión de servizo que actualmente desfruta a profesora Emma Rodríguez, do Departamento de Dereito público especial, por un ano mais, ata o 31 de xaneiro de 2024.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación da cláusula oitava do modelo de convenio específico de colaboración para a realización de traballos de fin de estudos (grao ou mestrado), en relación á propiedade intelectual e industrial dos traballos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade para que expoña o punto e que sinala o seguinte:

En relación co convenio para a realización dos TFG ou TFM, atopamos que o parágrafo relativo a propiedade intelectual non foi ben recibido por moitas entidades colaboradoras e debería evolucionar cara ó que recolle o modelo de convenio de cooperación educativa relativo ao asunto. Na forma actual, é certo que o TFM/ TFG esixe que a entidade colaboradora propoña un proxecto e a súa descrición, e ó mesmo tempo que a propiedade intelectual sexa do estudante. Por este motivo, propónse a modificación deste parágrafo para que inclúa un texto similar ao convenio de cooperación educativa que se indicou previamente, do seguinte xeito:

ONDE DI:

Octava. Autoría e propiedade intelectual

Á propiedade intelectual e industrial se axustará aos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.

VAI DICIR:

Octava. Autoría e propiedade intelectual

Cada estudante ten dereito a que se lle recoñeza a súa autoría no proxecto desenvolvido durante a súa estancia na entidade colaboradora como parte do seu TFG/TFM, así como da protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse tanto cos titores/as

académicos (directores/as) coma cos/coas da entidade. colaboradora nos termos e nas condicións previstas na lexislación actual en materia de propiedade intelectual.

De acordo coa lexislación vixente, un TFG/TFM considérase unha obra de colaboración entre un/unha estudante e os seus titores/as. A propiedade intelectual, no seu conxunto ou eu calquera das súas partes, corresponderalle nun 50 % ao/á estudante e no 50 % restante aos directores/as e aos titores/as do traballo.

Cada estudante e a entidade colaboradora poderán acordar asinar un escrito de cesión de dereitos por parte do/a estudante a favor da entidade colaboradora.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, de modificacións no acordo do Consello de Goberno sobre a consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á Universidade de Vigo, en relación coas actividades de extensión universitaria.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria para que expoña o punto, que responde á revisión das distintas categorías.

Pasan a integrarse no grupo B:

3. Persoal de administración e servizos (PAS) e persoal docente investigador (PDI) xubilado pola Universidade de Vigo.

Pasan a integrarse na comunidade Alumni:

Persoas egresadas de títulos oficiais da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario.

O reitor sinala o cambio, que se debe a certas situacións anómalas que provocaba a redacción anterior:

Onde di:

“3) Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do artigo 12 do RD 861/2010.

b) Acadar unha puntuación media no seu expediente académico que estea no rango do 10% superior das cualificacións medias da súa promoción”.

Dirá:

“3) Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran o seguinte requisito: ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do artigo 12 do RD 861/2010”.

Rebeca Díaz agradece ao reitor, á valedora universitaria e á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade o seu apoio nesta petición.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao.

O reitor da lectura ás persoas propostas, segundo a documentación que foi aportada coa convocatoria, e que son os seguintes (por Campus):

CAMPUS DE OURENSE	
<u>FACULTADE DE CIENCIAS</u>	
Graduada en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Andrea Luaces Pérez
Graduado en Ciencias Ambientais	Duarte Augusto Días Lorenzo
Graduado en Enxeñaría Agraria	Miguel Parada Carballo
<u>FACULTADE DE HISTORIA</u>	
Graduado en Xeografía e Historia	Amado Tierra Lozano Ramírez
<u>FACULTADE DE DEREITO</u>	
Graduado en Dereito	Jorge Domínguez Pavón
<u>FACULTADE DE CC EMPRESARIAIS E TURISMO</u>	
Graduado en Turismo	Felipe Barcala Santos
Grad. en Administración e Dirección de Empresas	Andrea García Mato
<u>FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL</u>	
Graduada en Educación Infantil	Giselle García Carabelos
Graduada en Educación Primaria	Inés Fernández Prieto
Graduada en Educación Social	Ana Rodríguez Pérez
Graduada en Traballo Social	Alexia González Mohamed
<u>ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA</u>	
Graduado en Enxeñaría Informática	Sergio García Núñez
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO</u>	
Graduado en Enxeñaría Aeroespacial	Nicolás González Carpintero

CAMPUS DE PONTEVEDRA	
<u>FACULTADE DE BELAS ARTES</u> Graduada en Belas Artes	Aldara Vázquez Estévez
<u>FACULTADE DE CC DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</u> Grad. en Ciencias da Actividade Física e do Deporte Graduado en Educación Infantil Graduada en Educación Primaria	Susana Castiñeira Lampón Adrián Pérez Courel María Soutullo Rivas
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL</u> Graduada en Enxeñaría Forestal	Irea Cebro García
<u>FACULTADE DE FISIOTERAPIA</u> Graduada en Fisioterapia	Tatiana Barcia Blanco
<u>FACULTADE DE CC SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN</u> Graduado en Dirección e Xestión Pública Graduada en Comunicación Audiovisual Graduado en Publicidade e Relacións Públicas	Gonzalo Otero Rosales Lucía Carrera Rodríguez Juan José Pérez Otero

CAMPUS DE VIGO	
<u>FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN</u> Graduada en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Graduada en Linguas Estranxeiras Graduada en Tradución e Interpretación	María del Carmen Barros Serodio Andrea Calvo Riveiro Ana Iglesias Pérez
<u>FACULTADE DE BIOLOXÍA</u> Graduada en Bioloxía	Lara Álvarez Rodríguez
<u>FACULTADE DE CC ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</u> Graduado en Economía Graduada en Administración e Dirección de Empresas	Pablo Colinas Rodríguez Ana María Aído Vázquez
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN</u> Grad. en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecom. Grad. en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecom. Grad. en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (inglés)	Néstor Lomba Lomba David Soengas Leis Alejandro Gándara Carrera
<u>FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO</u> Graduada en Relacións Laborais e Recursos Humanos Graduada en Dereito	Begoña Carbajal Martínez Paula Alonso Fernández



UNIVERSIDADE
DE VIGO

<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA</u>	
Graduado en Enxeñaría da Enerxía	Iván Montenegro Vázquez
Graduado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Óscar Domínguez Bastos
<u>FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR</u>	
Graduada en Ciencias do Mar	Andrea Alonso Sierra
<u>FACULTADE DE QUÍMICA</u>	
Graduada en Química	Uxía López González
<u>FACULTADE DE COMERCIO</u>	
Graduada en Comercio	Alejandra Gonzalez-Portela Rodríguez
<u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL</u>	
Graduado en Enxeñaría Eléctrica	Rodrigo Moreno Estévez
Graduado en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Francisco Albertuz Ribas
Graduada en Enxeñaría en Organización Industrial	Alba Núñez Fernández
Graduado en Enxeñaría Química Industrial	Darío Fervenza García
Graduado en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Miguel Mato Martínez
Grad. en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais do Plan de Excelencia do SUG Ultraia 2020	Alberto Villaverde Caridad
Graduado en Enxeñaría Mecánica	Álvaro Sánchez Fernández
Graduada en Enxeñaría Biomédica	Iria Ollero Cadilla

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento.

O reitor da lectura ás persoas propostas, segundo a documentación que foi aprobada coa convocatoria, e que son os seguintes:

AMBITO ARTE-HUMANIDADES	
CANDIDATO/A	CAMPO CNEAI
1. María Ceide Rodríguez	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Lingüística)
2. Alberto González García	10.ha (Historia Xeografía e Artes)
3. Carla Míguez Álvarez	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Lingüística)
4. Rebeca López Villar	10.ha (Historia Xeografía e Artes)
ÁMBITO CIENCIAS	
CANDIDATO/A	
1. Pablo García del Rio	02.q (Química)
2. Vanesa Santás Miguel	05.cn (Ciencias da Natureza)
3. José Ignacio Iglesias Prado	01.mf (Matemáticas e Física)
4. Sara Comesaña Fernández	05.cn (Ciencias da Natureza)
5. Paula Rodríguez Seoane	05.cn (Ciencias da Natureza)
6. Mauro Chivite Alcalde	05.cn (Ciencias da Natureza)

7. Alejandra Alonso Calvete	04.cb (Ciencias Biomédicas)
8. Mauro Lago Docampo	04.cb (Ciencias Biomédicas)
ÁMBITO ENXEÑARÍA-ARQUITECTURA	
CANDIDATO/A	
1. Verónica Poza Nogueiras	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
2. Iván Garrido González	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
3. Pablo Fondo Ferreiro	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
4. Isabel Expósito Pérez	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL	
CANDIDATO/A	
1. Itziar Sobrino García	09.dj (Dereito e xurisprudencia)
2. Ana Isabel González Fernández	09.dj (Dereito e xurisprudencia)
3. Miguel Lorenzo Martínez	07.1 cspc (Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento)
4. Raisia Pérez Vas	08.cee (Ciencias Económicas e Empresariais)
5. Adrián Paramés González	07.2 ce (Ciencias da Educación)
6. Bruno González Cacheda	07.1 cspc (Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento)

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da concesión do doutoramento honoris causa ao Profesor Nicholas A. Kotov.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen sinala que o pasado 30 de setembro de 2022, no punto 1 da sesión extraordinaria celebrada, o Consello de Departamento de Química Física aprobou por unanimidade, atendendo a solicitude feita polos Profesores Liz Marzán e Correa Duarte, emitir informe favorable e solicitar o Grao de Doutor Honoris Causa para o Prof. Nicholas A. Kotov da Universidade de Michigan (EE.UU.). Achegouse toda a documentación que require a normativa, que foi recibida na Secretaría Xeral. A vicerreitora sinala brevemente os méritos que concorren no profesor Nicholas A. Kotov. O reitor congratúlase do excelente currículo da persoa elixida.

Apróbase por asentimento.

16. Ratificación, se procede, dos membros da Comisión de Publicacións polo sector PDI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen indica que, segundo o artigo 5 do Regulamento do Servizo de Publicacións, *“as/os vogais serán propostos pola persoa que desempeñe a dirección do Servizo, ratificados polo Consello de Goberno e nomeados polo reitor ou reitora por un período de catro anos prorrogable unha soa vez”*.

As persoas propostas polo director do Servizo de Publicacións para a ratificación da prórroga no desempeño das súas funcións son:

- 3 PDI do ámbito Humanístico-Artístico / Xurídico-Social:
 - Marta García González (Tradución e interpretación)
 - Enrique José Varela Álvarez (Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía)
 - Benigno Fernández Salgado (Filoloxía galega e latina)
- 3 PDI do ámbito Tecnolóxico-Científico:
 - Ignacio Pérez Juste (Química física)
 - Ana María Bernabeu Tello (Xeociencias mariñas e ordenación do territorio)
 - Marta Pérez Rodríguez (Matemáticas)

O reitor agradece a dispoñibilidade destas persoas.

Ratifícanse as persoas propostas, por asentimento.

17. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas Comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación: 1 estudante

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

Non procede a elección.

18. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

- **1 PAS**
- **1 estudante do ámbito Campus do Mar**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

Non procede a elección.

19. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:05 h. do día 24 de xaneiro de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral